

BASES DO 3º CONCURSO DE DECORACION SOSTIBLE DO NADAL

1. OBXECTO

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude, organiza o III Concurso de Decoración de Nadal Sostible dirixido á participación de familias do noso municipio, cos seguintes obxectivos:

- Dinamizar a participación activa das familias do concello na decoración de Nadal.
- Colaborar en infundir un ambiente decorativo do Nadal baseado en valores como o traballo familiar en común, a cooperación e a comunidade, para ter un entorno máis amable e sostible.
- Fomentar o reciclado como recurso educativo.
- Sensibilizar da problemática dos residuos e da importancia da reciclaxe.
- Fomentar a creatividade, a imaxinación e a liberdade de expresión.

2. DESCRICIÓN

Cada unidade familiar participante, deberá elaborar elementos ornamentais de Nadal ou decorar a árbore do seu fogar enviando posteriormente fotografías da composición, xunto coa solicitude a través de instancia xenérica e unha breve reseña explicativa do contido da mesma especificando o tipo de materiais empregados.

Todos os adornos realizaranse con material de reciclado e refugallo.

3. MATERIAIS EMPREGADOS

Os materiais empregados na manufactura dos adornos deberán ser realizados con material reciclado e de refugallo, tendo cada familia participante liberdade tanto na técnica coma no estilo.

4. CONDICIÓN DE PARTICIPACION

A participación queda aberta a todas as unidades familiares nas que algún dos seus membros teña unha idade comprendida entre os tres e os doce anos

A realización dos elementos decorativos será levada a cabo polos/as menores, coa colaboración dos proxenitores. O proxecto decorativo deberá estar acompañado dunha breve explicación onde se indique o significado da composición e a tipoloxía dos materiais empregados.

A data máxima para a inscrición neste concurso e presentación dos traballos, será o 22 de decembro ás 13 horas da mañá, en xuventude@vilagarcia.gal engadindo a instancia xenérica que se pode baixar da páxina sede.vilagarcia.gal. Ademais dos datos de identificación dos membros da unidade familiar, enderezo, teléfono e mail, achegarase tamén os datos dunha persoa responsable (un dos proxenitores, teléfono e mail de contacto). As fotografías dos traballos deberán ser remitidas en formato pdf e o total de fotografías no excederá o peso de 9 MB.

5. XURADO

O xurado estará formado por persoal municipal experto na materia e relacionados coas áreas organizadoras do concurso

Os membros do xurado valoraran as fotografías enviadas.

6. VALORACION

O xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Tipoloxía de materiais reciclados empregados: 50%
- b) Deseño e orixinalidade: 30%
- c) Fomento dos valores locais: 20 %

As devanditas porcentaxes calcularanse sobre un máximo de 10 puntos.

O xurado valorará as decoracións deseñadas e emitirá a puntuación de cada unha, resultando gañadoras aquelas que obtivesen maior valoración. O fallo do xurado, que se levará a cabo en

xaneiro de 2022, será inapelable, podendo quedar deserto ou, en caso de empate, ser repartido proporcionalmente.

O xurado resolverá calquera incidencia que puidese xurdir durante o concurso e terá plena potestade para interpretar as presentes bases.

O fallo do xurado será ratificado pola XGL. O acta do xurado cos premiados, será publicada na páxina web e na dese electrónica do concello

7. PREMIO

Tres premios resultantes da valoración do xurado:

- 3º premio: material didáctico e de lectura valorado en **100** euros
- 2º premio: lote material didáctico e de lectura valorado en **200** euros
- 1º premio: tablet valorada en **300** euros

A entrega dos premios, quedará condicionada á acreditación da non existencia de débedas do participante co Concello de Vilagarcía de Arousa.

A inscrición para participar no presente concurso implica a aceptación das presentes bases.